

Preinscrición

- ✓ A admisión será por orde de preinscrición, asignaráselle un número de solicitude que recibirá o correo electrónico que indique no formulario.
- ✓ Terán preferencia as nenas e nenos empadroados no Concello da Coruña.
- ✓ Reserva do 10 % das prazas ofertadas para persoas beneficiarias de programas sociais.
- ✓ Soamente se poderá presentar unha preinscrición por menor, en caso contrario anularanse todas.
- ✓ Participantes con necesidades educativas especiais ou discapacidade, en grao que non lles impida participar nas actividades co grupo, ofértase 1 praza por grupo/centro.
- ✓ O monitorado de apoio para nenas e nenos con necesidades educativas especiais, realizará tarefas de carácter hixiénico ou sanitario.
- ✓ Os horarios das actividades son de obrigado cumprimento na súa totalidade, tanto no horario xeral como no horario ampliado.
- ✓ Requirirase un número mínimo de participantes para formalizar grupo, tanto no horario xeral como no ampliado.
- ✓ Obrigatorio o uso da máscara para as/os cativos maiores de 6 anos e recomendable para as idades entre 4 e 6 anos.
- ✓ Cada grupo estará formado por 10 menores e deberá haber un mínimo de participantes.

Recuncho do Xogo

DIRIXIDO A

Nenas e nenos de 4 a 12 anos (deberán telos cumpridos no momento da preinscrición)

DATAS DE REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE

11, 12 e 13 de abril do 2022

HORARIO

Horario xeral: 10.00 a 13.30 h

☆ Horario ampliado: 9.00 a 14.00 h

☆ Monte Alto	Labañou	Novoboandanza
☆ Castrillón	☆ Os Mallos	Palavea
☆ Cidade Vella	Eirís	Elviña
☆ San Diego	☆ Mesoiro	☆ Os Rosais
☆ Monelos		

RECOMENDACIÓNS

- Levar auga e un refrixerio (froita, iogur, bocadillo) para tomar a media mañá.
- Non traer ás actividades aparellos electrónicos, videoconsolas, móbiles, etc.
- É aconsellable que non asistan á actividade os/as participantes que teñan enfermidades contaxiosas ou presenten algún destes síntomas: febre, vómitos, diarrea ou no caso de ter piollos.

Datas importantes

PREINSCRICIÓN

Dende as 08.00h do 31 de marzo ás 23:59h do 2 de abril

LUGAR

www.coruna.gal/serviciosociales atoparás un link coas indicacións que debes seguir para a preinscrición. En caso de non ter acceso a internet, pódese realizar a preinscrición chamando o nº de teléfono que se indicará nos centros cívicos, 010 e web municipal.

LISTAXES DE ADMISIÓN

4 de abril. Poderanse consultar no centro cívico onde se preinscribiu, no Teléfono de Información 010 ou na web www.coruna.gal/servizossociais/

INSCRICIÓN - PAGO DA TAXA

5 e 6 de abril de 10.00 a 14.00 h e de 16.30 a 20:00 h.

Para formalizar a inscrición debe recoller e entregar no centro cívico onde se obtivo a praza a seguinte documentación:

- O impreso oficial de autoliquidación, que se pode obter no centro cívico, no que consta o abono do prezo público para realizar o pago na sede bancaria.
- As autorizacións que se entregarán no momento da inscrición, debidamente cumprimentadas e asinadas por unha persoa responsable do menor.

PREZO PÚBLICO DA ACTIVIDADE

Horario xeral/ampliado: 7 € por persoa participante.